

OBXECTIVOS:

• Eliminar crenzas e prexuízos infundados en torno á sexualidade.

• Desenvolver unha actitude de naturalidade, entendendo esta como unha forma de comunicación humana, fonte de saúde, pracer, afecto e cando así se deseexe de reproducción.

• Establecer claves e pautas para o diálogo sobre temas sexuais no interior do núcleo familiar.

• Desenvolver unha ética social, onde as relacións se baseen na igualdade, no respeito e na responsabilidade.

• Abordar a diversidade sexual e de xénero para transformar a sociedade acadando a aceptación de calquera forma de ser, con iguais dereitos, liberdades e oportunidades.

DESTINATARIOS/AS:

Estas charlas están dirixidas a ANPAs, pais, nais, titores e titoras legais en xeral.

METODOLOXÍA:

- Empregarase unha metodoloxía activa e participativa que involucre ao máximo ás e aos asistentes.

- Darase comezo cunha exposición por parte do/da profesional para abrir posteriormente un espazo de preguntas sobre o tema abordado.



QUEEN DIXO MEDO?

Campaña de sensibilización
contra a violencia de xénero

2017-2018

EDUCACIÓN AFECTIVO - SEXUAL

PARA ANPAS, PAIS, NAIS,
TITORES E TITORAS LEGAIS



Tfno.: 981 576 469

info@quendixomedo.gal - www.quendixomedo.gal

A CAMPANÍA

QUEN DIXO MEDO?

A violencia de xénero converteuse nos últimos anos nunha lacra social, que nos afecta a todos e todas por igual. Ante a situación actual, debemos pois reaccionar, primeiro reconécedo que o problema existe e persiste, analizando os motivos que a causan e por último actuando contra ela, esa violencia endémica, enraizada na nosa sociedade como unha mala herba que compre deseapareza para que florezca avida, a igualdade, o respecto.

O medo non é unha opción; como individuos non podemos ter medo a denunciar a violencia, a actuar contra ela, a protexer ás vítimas que a sufren. O medo é un elemento coactor que nos impide apreciar obxectivamente os problemas que nos rodean, por iso compre superálo.

Esta problemática non é exclusiva da muller, afecta ao conxunto da sociedade de forma horizontal e vertical; nesta campaña queremos ter presente a sociedade, coa súa pluralidade e diversidade, a este criterio responde a imaxe principal da campaña: unha composición polifacética sobre a que destaca un rostro sen filtro de cor, sen medo.

Temos por diante 2 intenses anos de actividades e propostas que llevar a cabo, para iso deseñaremos puntualmemente materiais informativos e didácticos como o que tes entre as mans, estará tamén á disposición de todas e todos un blog informativo no que consultar o avance da campaña así como as crónicas do que vaíamos facendo.

Por isto que vos contamos, e polo que vos contaremos... QUEN DIXO MEDO!

OBXECTIVOS:

- Desenvolver accións de sensibilización para a prevención da violencia de xénero destinadas á población de Concellos da Provincia da Coruña para coñecer as características e dimensións desta problemática social para a súa erradicación definitiva.
- Desmontar os mitos e estereotipos en torno á violencia para apostar pola responsabilidade social.
- Visibilizar o fenómeno e informar sobre el para tomar conciencia e actuar.
- Fomentar o cambio de crenzas e actitudes e implicar ao respecto da violencia contra as mulleres a toda a poboación.
- Dotar á poboación dos mecanismos, coñecementos e habilidades precisos para detectar as diversas manifestacións da violencia de xénero e actuar de xeito contundente ante ela.
- Temos por diante 2 intenses anos de actividades e propostas que llevar a cabo, para iso deseñaremos puntualmemente materiais informativos e didácticos como o que tes entre as mans, estará tamén á disposición de todas e todos un blog informativo no que consultar o avance da campaña así como as crónicas do que vaíamos facendo.
- Por isto que vos contamos, e polo que vos contaremos... QUEN DIXO MEDO!



CICLO DE CHARLAS

EDUCACIÓN AFECTIVO - SEXUAL

PARA ANPAS, PAIS, NAIS, TITORES E TITORAS LEGAIS

EN QUE CONSISTE A ACTIVIDADE?

Nun ciclo de charlas - coloquio en torno a educación afectivo-sexual, encaminadas a xerar un espazo no que proporcionar a información precisa para disipar as dúbidas dos mozos e mozas, axudándolles no desenvolvemento, o coñecemento, autonomía e adquisición das habilidades precisas para acadar unha saúde sexual integral, baseada na igualdade, o respeito e a responsabilidade. Para isto, ademais de abordar temas relacionados coa anticoncepción, as infecções de transmisión sexual... tamén se tratarán a orientación e educación sobre aspectos afectivos, emocionais e sociais.

POR QUÉ?

A sexualidade e a afectividade, son dúas facetas fundamentais na vida das persoas, que cobran especial relevancia na etapa da adolescencia.

Os pais e nais atópanse con algunas dificultades cando teñen que afrontar estes temas cos seus fillos e fillas, por iso agradecen toda a información que poidan recibir sobre como abordar as dúbidas relativas ás primeiras relacións de parella, identificación e regulación de emocións e sentimientos, orientacións sexuais, identidades de xénero, sexualidade... e por que non, incluso, anticiparse as súas preocupacións.

